



NORMAS DE CONVIVENCIA, MARCO DE ACTUACIÓN E XESTIÓN DE AULA

Norma 1. Asistencia e puntualidade.

Norma 2. Comportamentos e actitudes.

Norma 3. Agresións físicas e psíquicas. Acoso.

Norma 4. Danos causados contra instalacións ou material.

Norma 5. Orde e limpeza.

Norma 6. Cando podemos ou non abandonar a aula.

Norma 7. Espazos comúns. Recreos.

Norma 8. Móviles e aparellos reprodutores.

Norma 9. Tabaco, alcohol e substancias ou produtos perigosos.

Norma 10. Vestimenta.

Norma 11. Falsificacións.

ANEXO: PROCEDIMENTOS



Norma 1. Asistencia e puntualidade.

A asistencia a clase é obrigatoria para todo o alumnado.

A puntualidade é igualmente obrigatoria, xa que é esencial para manter un bo clima de aula, así como un signo de respecto cara aos demais ao evitar o normal desenvolvemento das actividades.

Os pais/nais deberán xustificar as ausencias e atrasos, tendo en conta que cada tres atrasos inxustificadas computaranse como unha falta de asistencia.

O/A alumno/a non pode saír do Centro ata o final da xornada se é menor de idade, a non ser que o recollan os pais, previa sinatura de autorización de saída do centro. Se é maior de idade, o alumno ou alumna deberá asinar tamén a autorización para que así conste.

De ser maior de idade, e convivir cos pais, a xustificación das faltas deberá estar asinada tamén por estes.

| Incidencias | Medidas correctoras posibles | Responsabilidades e procedemento |
|---|--|--|
| 3 atrasos inxustificadas = 1 falta inxustificada (Falta leve) | Comunicación inmediata á familia Amoestación verbal 1 día sen recreo | Procedemento 1, con Parte de incidencias anotando as faltas inxustificadas |
| Reincidencia nos retrasos Falta grave | Comunicación inmediata á familia 1 día na aula de convivencia / 1 día de expulsión | Procedemento 2 |
| Un alumno/a abandona o centro sen permiso e sen coñecemento dos pais (Falta moi grave) | Comunicación inmediata á familia e, no caso de ser imposible a comunicación con esta, ás autoridades. 1 día na Aula de convivencia ata 1 día de expulsión do centro | Procedemento 2 |
| Un alumno/a abandona o centro sen permiso con coñecemento dos pais pero sen asinar o documento pertinente | Amoestación verbal Comunicación á familia e lembralles o procedemento. | Procedemento 0 |
| Faltas de asistencia continuada sen xustificar. (Falta moi grave) | Apertura de protocolo de absentismo | Procedemento 0 |

Implicacións para o profesorado

O profesorado de garda de recreo e de garda de aulario controlará ao alumnado que non esté na súa aula.

Profesorado en xeral: poñer as faltas e retrasos o máis rápido posible

Titores/as: celeridade na comunicación de retrasos e faltas inxustificadas aos pais/nais

Control do alumnado de agrupamento, desdobramentos e reforzos para evitar interrupcións nas clases cando van e veñen de buscar o material.

O profesor/a ou un membro da dirección de ser o caso, fará un xustificante por escrito ao alumno/a no caso de que este chegue tarde á clase por causa dun exame, conversa ou outro motivo. O modelo de xustificación de atraso estará na

dirección, conserxerías e salas de profesores.

Accións de prevención e control

Ao chegar: A primeira condición para comenzar a sesión de clase con bo pé é estar alí á hora, tanto alumn@s coma profesor@s

Ao saír: Non rematar con présas, deixando cousas no aire. Rematemos dando coherencia á clase: un resumo do que fixemos, relacionando coa seguinte sesión de clase que imos ter, explicando os deberes que propoñemos ...

Implicacións para o alumnado

Ter coidado de chegar puntual ao centro.

Intentar estar na entrada do seu Aulario á hora que toca o timbre de remate do tempo de recreo.

O alumno/a entregará un xustificante por escrito no caso de alegar causa de forza maior coma un exame, unha conversa cun profesor ou na dirección ...

Norma 2. Comportamentos e actitudes.

O alumnado deberá ter comportamentos e actitudes que non sexan contrarias ao normal desenvolvemento das actividades do centro, tanto académicas coma complementarias e extraescolares:

Traer o material de traballo necesario.

Seguir as instrucións do profesor/a e facer o traballo encomendado.

Ter comportamentos e actitudes que non rompan as dinámicas de traballo.

Non copiar nas probas e exames, ou usar axudas non permitidas polo profesor/a

Evitar comer ou beber (agás auga) nas aulas, nin mascar chicle.

| Incidenias | Medidas correctoras posibles | Responsabilidades e procedemento |
|--|---|----------------------------------|
| Disrupcións leves (Falta leve) | Intervención na aula | Procedemento 1 |
| Reincidencia en disrupcións leves na clase (Falta leve) | Intervención na aula Sen recreos ata 1 aula de convivencia | Procedemento 1 |
| Non traer material de clase (Falta leve) | Intervención na aula Protocolo de abandono de materia, de ser o caso | Procedemento 1 |
| Facer caso omiso das instrucións do profesor/a ou persoa encargada da actividade a realizar. (Falta grave) | Intervención na aula Comunicación á familia Sen recreos ata 2 días na aula de convivencia | Procedemento 2 |
| Alterar de xeito grave ou continuado a clase, así como desafíos á autoridade do profesor/a, de tal xeito que se faga difícil ou imposible o desenvolvemento da mesma (Falta moi grave) | Intervención na aula Comunicación á familia 1 día na aula de convivencia ata 3 días de expulsión De ser reincidente, apertura de expediente disciplinario | Procedemento 2 |
| Comer ou beber na aula sen permiso expreso do profesor/a Falta leve | Amoestación verbal 1 día sen recreo ata 1 día na aula de convivencia | Procedemento 1 |
| Un alumno/a copia ou usa unha axuda non permitida nunha proba ou exame Falta leve | Amoestación verbal Calquera medida de cualificación que sobre este aspecto considere o profesor: anulación da proba, baixar nota ... | Procedemento 1 |

Implicacións para o profesorado

Evitar a comunicación coa clase con berro constante. Transmitir tranquilidade e autoridade.

Deixarse ver pola clase, moverse por ela, requirir a intervención do alumnado, revisar o que fan...

Ser firmes pero non agresivos; ser claros e precisos pero evitar expresións ferintes; nin sobredimensionar nin obviar condutas que interfieren de xeito claro na clase



ou que son inadmisibles. En definitiva, non “medir forzas” cun alumno/a ou grupo de alumnado.

Facer uso máis cotiá dos talonarios en casos de interrupcións ou malos comportamentos (e tamén comunicar aspectos positivos)

No caso de que un grupo de alumnos queira facer unha festa con comida e bebidas na aula, o titor/a ou o profesor autorizará (ou non) a actividade previa solicitude á dirección do centro.

Accións de prevención e control

A acción titorial e a comunicación co alumnado. Debater, traballar, consensuar... nas horas de titoría.

Manter a atención con tarefas variadas no contido, no formato e na organización do grupo (individuais, grupais, de clase ...)

A comunicación rápida coas familias cos alumnos/as con problemas de comportamento é fundamental, tratando de buscar camiños e formas de actuación comúns e coordinadas.

Apoio do departamento de orientación.

Implicacións para o alumnado

Manter unha actitude positiva cara ás clases, intentado construír un clima adecuado de aula.

Evitar comportamentos que interrompan o normal discorrer das actividades: falar a destempo, pequenas interrupcións continuadas, facer ruídos ...

Respectar o dereito dos demais á educación. Os demais alumnos/as teñen dereito a traballar, participar, aprender... sen que ningún compañeiro/a o impida cos seus comportamentos e actitudes.

Por outra parte, o profesor/a ten unha autoridade incuestionable (sempre dentro do marco das súas obrigas profesionais e das normas do centro): indica o material necesario para o traballo, as actividades a realizar, a metodoloxía e organización da clase, os contidos a traballar, os criterios de avaliación e cualificación... Pode requirir, de consideralo necesario, que se amose o que se ten nos petos, mochila, estoxo...

Nos exames e probas só se poderá usar o material que o profesor/a considere necesario para a súa realización.

No caso de que un grupo de alumnos queira facer unha celebración na aula, deberá solicitar autorización ao titor/a. De levarse a cabo, a aula quedará no mesmo estado que antes da celebración: limpa, ordenada e sen ningún dano.

Norma 3. Agresións físicas e psíquicas. Acoso.

Esíxese respecto á integridade física e moral e aos bens das persoas que forman a Comunidade Educativa e daquelas outras persoas e institucións que se relacionan co Centro con ocasión da realización das actividades e servizos do mesmo. Cando se incorrese en condutas tipificadas como agresión física ou moral, haberá de repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, no seu caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

| Incidentes | Medidas correctoras posibles | Responsabilidades e procedemento |
|--|---|----------------------------------|
| Falta de respecto leve: contestación inadecuada, arremedar ... (Falta leve) | Recreos, aula de convivencia, traballo de reflexión escrito, petición de desculpas privadas/públicas | Procedemento 1 |
| Falta de respecto grave: insulto, ameazas, reincidencia en faltas de respecto leves (Falta grave/moi grave) | Mediación Traballo de reflexión escrito, petición de desculpas privadas/públicas Desde 1 día na aula de convivencia ata 3 días de expulsión | Procedemento 2 |
| Agresión física ou reacción agresiva (Falta grave/moi grave) | De considerarse especialmente grave, apertura de expediente disciplinario, sempre no caso de discriminación moi grave. | |
| Discriminación por sexo, relixión, raza, orientación sexual, discapacidade ... Falta moi grave | | |
| Acoso escolar. Continuado maltrato verbal, físico, psíquico ou moral. Falta moi grave | Protocolo de acoso escolar | |

Implicacións para o profesorado

Manter a atención durante os recreos, nos cambios de clase e nos desprazamentos polo centro a outras aulas (taller, laboratorio, ximnasio...) sobre calquera situación de incipiente balbordo, agresión, insulto... evitando que chegue a máis.

Facer mediación inmediata, de ser posible unha vez avaliada a situación de leve ou grave.

Non entrar en agresión verbal nin contacto físico coa alumna/o, excepto se é estritamente necesario: no caso de ter que evitar agresións, p.ex., separando a dous alumnos.

Tratamento en titoría. Busca de fórmulas de mediación.

Participar activamente na formación que se organice ao respecto.

Accións de prevención e control

Tratamento en titoría coma medida de información, educación e prevención.

Apoio do departamento de orientación.

Organización de formación para profesorado, alumnado e familias en coeducación, dereitos e deberes, prevención de agresividade

Implicacións para o alumnado

Participar activamente na formación que se organice ao respecto, así como nas sesións de tutoría.

Formar parte da mediación entre iguais.

Manter unha actitude positiva cara as clases, intentado construír un clima adecuado de aula.

Norma 4. Danos causados contra instalacións ou material.

Farase unha adecuada utilización do edificio, mobiliario, instalacións e material do Centro. O alumnado está obrigado a reparar os danos que causase, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais do centro e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación ou substitución. Así mesmo, está obrigado a restituír o substraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor.

| Incidencias | Medidas correctoras posibles | Responsabilidades e procedemento |
|--|---|----------------------------------|
| Danos por negligencia ou mal uso Falta grave | Reparar os danos ou facerse cargo do custo económico da súa reparación ou substitución. 1 / 2 días na aula de convivencia ata 1 día de expulsión do centro | Procedemento 2 |
| Danos intencionados Falta grave/moi grave | Reparar os danos ou facerse cargo do custo económico da súa reparación ou substitución. 1 / 2 días na aula de convivencia ata 3 día de expulsión do centro De ser o caso especialmente grave, apertura de expediente disciplinario | |
| Roubo / subtracción Falta grave/moi grave | Restituición ao seu dono do obxecto ou obxectos roubados, ou de similares características, de ser o caso. De 1 día na aula de convivencia ata 3 días de expulsión. Apertura de expediente disciplinario de considerarse o caso especialmente grave. | |

Implicacións para o profesorado

Control das entradas e saídas das aulas, especialmente durante os recreos.
Os titores/as tratarán o tema en titoría e elaborarán unhas normas para o peche e apertura de portas durante os recreos e nos desprazamentos no caso de clases impartidas en taller, aula de informática ou plástica, laboratorio ou ximnasio.
O profesorado poderá requirirlle ao alumnado que ensine todo aquilo que teña nos petos, mochilas, estoxos ... no caso de roubos ou subtraccións.

Accións de prevención e control

O titor/a, xunto co alumnado, elaborará a primeiros de curso un informe do estado da aula e o material que contén, informe que se entregará en dirección.

Peche das aulas durante os recreos e nos desprazamentos no caso de clases impartidas en taller, aula de informática ou plástica, laboratorio ou ximnasio.
Fomentar proxectos de recuperación e mellora de instalacións, espazos ...

Implicacións para o alumnado

O encargado/a da chave da aula deberá cumprir as normas de apertura e peche durante os recreos e nos desprazamentos no caso de clases impartidas en taller, aula de informática ou plástica, laboratorio ou ximnasio.

Elaborar o informe do estado inicial da aula xunto co titor/a.

Informar ao delegado/a, titor/a, xefatura de estudos ou dirección de calquera incidencia relacionada con danos a material e instalacións, falta de pertenzas ou material...

Norma 5. Orde e limpeza.

O alumnado coidará da orde e limpeza da súa mesa, do seu material e da súa aula, non arroxando papeis ou outros obxectos ao chan ou polas xanelas, utilizando as papeleiras e caixas de reciclaxe, non realizando pintadas en paredes, pupitres e , tendo en conta que as pizarras, tanto as de xiz como as dixitais, deberán ser utilizadas con fins docentes ou formativos. Ao final da xornada, o alumnado deixarán o seu pupitre en orde, ningún material no chan e as cadeiras enriba da mesa.

| Incidencias | Medidas correctoras posibles | Responsabilidades e procedemento |
|---|---|--|
| Falta de orde e limpeza do pupitre (Falta leve) | Acción titorial | Procedemento 1 |
| Falta de orde e limpeza da aula (Falta leve/grave) | Limpeza individual ou colectiva de pupitre, aula ou zonas comúns (corredores, patios...) ou calquera outro servizo á comunidade | Procedemento 1 / 2, segundo sexa leve ou grave |
| Falta de limpeza de zonas comúns (Falta leve/grave) | Sen recreo/s ata 2 día na aula de convivencia | |
| Reincidencia Falta grave | De considerarse grave, 1 día de expulsión do centro | Procedemento 2 |

Implicacións para o profesorado

Todo o profesorado, e en especial o titor/a deberá velar pola orde e limpeza de aulas e zonas comúns, así como do material e pupitre do alumnado.

Se o profesor/a así o decide polo estado da aula, a clase non comenará ata estar a aula limpa e ordenada. O tempo de clase perdido recuperarase no tempo de recreo.

Traballar en titoría estas cuestións, analizando o estado da aula e zonas comúns.

Accións de prevención e control

Acción titorial.

Atender os pequenos detalles: canto máis ordenado e limpo teñamos o centro máis doado será que se manteña así. Tanto alumnado coma profesorado debemos coidar de usar as papeleiras, caixas de reciclaxe, manter o material de aula ordenado...

Fomentar proxectos de recuperación e mellora de instalacións, espazos ...

Implicacións para o alumnado

Manter ordenado e limpo o seu pupitre e, colectivamente, a aula e zonas comúns.

Participar activamente na conservación do centro.

Norma 6. Cando podemos ou non abandonar a aula.

Cando se produzan cambios de área que impliquen a mobilidade do profesor, o alumnado non pode abandonar a aula baixo ningún concepto, nin saír ao corredor. Esperará ao seguinte profesor sen provocar actuacións que vulneren a convivencia, non podendo saír da aula sen autorización expresa do profesorado. Neste tempo entre sesións, o alumnado irá recollendo o material da clase en curso e preparando o material para a clase seguinte. O alumnado no poderá ir ao baño durante as clases nin cambio de clases, salvo en casos excepcionais que considere o profesorado.

| Incidencias | Medidas correctoras posibles | Responsabilidades e procedemento |
|--|---|----------------------------------|
| Un alumno/a sae ao baño nun cambio de clase sen permiso do profesor/a. Un alumno/a ou un pequeno grupo sae ao corredor. Falta leve | Amoestación verbal. En caso de reiteración (Falta grave), aula de convivencia nos recreos e ata 1 día na aula de convivencia | Procedemento 1 |
| Un grupo de alumnos/as alborota no corredor (berros, carreiras, entrada noutras aulas...) Falta leve | | |
| Hai balbordo na aula (berros, golpes, movemento de cadeiras...) Falta leve | | |
| Unha alumna/o está ou permanece nun espazo que non lle corresponde no seu programa de actividades. (Falta grave) | Aula de convivencia ata 1 día de expulsión do centro. | Procedemento 2 |

Implicacións para o profesorado

O profesorado intervirá en calquera das situacións, sexa ou non alumnado seu o que protagonice a incidencia.

Accións de prevención e control

Puntualidade máxima do profesorado.
Intervención firme, sen entrar en discusións e sen agresividade.
Presenza da dirección nos aularios.
profesor/a rematará a clase recollendo o material da propia materia e solicitando ao alumnado que vaia preparando o da seguinte, incluída a sesión anterior ao recreo.
O profesorado sairá de último nas sesións previas ao recreo e na última.

Implicacións para o alumnado

As actitudes de descontrol na aula deben asumirse colectivamente: ante os intentos de

crear desorde por parte dunha parte do grupo, cumprirá buscar alternativas en titoría, en asembleas de aula, etc.

É necesario asumir que a creación de alboroto, na aula ou no corredor, non é un xogo dos momentos sen presenza do profesorado, senón que é moi prexudicial para a convivencia.

O alumno/a encargado da chave de aula permanecerá de último co profesor/a na sesión previa ao recreo e pechar a porta coa chave.

O alumnado deberá controlar o seu programa de actividades e permancer no lugar que lle corresponda ao efecto.

Norma 7. Espazos comúns. Recreos.

Os corredores e escaleiras son lugares de tránsito, polo tanto, o alumnado non permanecerá nos mesmos. Observará con especial atención que a súa conduta nos desprazamentos non sexa disruptiva: correndo, empuxándose, chegando tarde...

Durante os recreos, está prohibida a permanencia do alumnado de ESO nas aulas e nos corredores, excepto se están acompañados /as dalgún profesor/a. Ao finalizar os recreos, as persoas encargadas en cada clase de abrir a porta deberán estar pendentes do son do timbre para facilitar o acceso á aula dos demais.

| Incidencias | Medidas correctoras posibles | Responsabilidades e procedemento |
|---|---|--|
| Un alumno ou grupo de alumnos permanece no corredor ou escaleiras facendo caso omiso do profesorado Falta leve/grave | Amoestación verbal. En caso de reiteración, aula de convivencia nos recreos e ata 1 día na aula de convivencia | Procedemento 1 / 2, segundo a falta sexa leve ou grave |
| Un alumno ou grupo de alumnos corre, empurra, berra... polos corredores ou escaleiras Falta leve/grave | | |
| Un alumno ou grupo de alumnos permanece na aula durante o recreo Falta leve/grave | | |
| O encargado da chave da aula non facilita o acceso á mesma Falta leve/grave | | |

Implicacións para o profesorado

O profesorado intervirá en calquera das situacións, sexa ou non alumnado seu o que protagonice a incidencia.

Accións de prevención e control

Traballo e organización en titoría.
Puntualidade máxima do profesorado, especialmente neste caso o profesorado de garda de recreo.
Intervención firme, sen entrar en discusións e sen agresividade.
O profesorado sairá de último nas sesións previas ao recreo e na última.

Implicacións para o alumnado

Os corredores e zonas de paso (torre, escaleiras ...) non son sitios para "acampadas". O centro ten zonas para permanecer nos recreos: patios cubertos, espazos ao aire libre, ximnasia, biblioteca ...

Norma 8. Móviles e aparellos reprodutores.

O uso de dispositivos móbiles e aparellos reprodutores está prohibido para o alumnado nos períodos lectivos, a non ser que se integre nun proxecto pedagóxico do Centro. Tamén se prohíbe totalmente a captación de imaxes e/ou son, salvo autorización expresa do Centro.

Habilitarase unha zona para uso de móbiles durante os recreos se se desenvolve dentro dun proxecto pedagóxico.

| Incidencias | Medidas correctoras posibles | Responsabilidades e procedemento |
|--|---|----------------------------------|
| Uso indebido destes aparatos fóra dos lugares e tempos marcados Falta leve | O/A profesor/a retirarallo ao alumno/a e entregarao en Xefatura, onde permanecerá en depósito ata que o recollan os pais. Asistencia á AC durante dous recreos. De ser reiterado (Falta grave) o seu uso indebido, un día na aula de convivencia. | Procedemento 1 |
| Toma de imaxes e/ou son Falta grave | Un día na aula de convivencia e borrado das gravacións. | Procedemento 2 |
| Difusión de imaxes e/ou son tomados no centro Falta moi grave | 1 a 3 días de expulsión. De considerarse de especial gravidade, apertura de expediente disciplinario | |

Implicacións para o profesorado

Solicitar a posibilidade de uso de móbiles por motivos pedagóxicos ou doutra índole.

Accións de prevención e control

Tratamento en titoría do uso de móbiles e da captación e/ou difusión de imaxes e/ou sons.

Control por parte do profesorado en xeral, e do profesorado de garda en especial, do uso indebido de móbiles ou outros aparellos reprodutores

Implicacións para o alumnado

Uso dos móbiles e outros aparellos só nos casos indicados e ter especial coidado no uso indebido: captación e/ou difusión de imaxes e/ou sons, uso en clases e exames ... Ser conscientes de que non se pode facer uso e/ou difusión de imaxes e/ou sons sen permiso, e de que pode supoñer un delito.

Norma 9. Tabaco, alcohol e substancias ou produtos perigosos.

Está prohibido o consumo e tenza de bebidas alcohólicas en todo o recinto escolar, así como de tabaco ou calquera substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde.

| Incidencias | Medidas correctoras posibles | Responsabilidades e procedemento |
|---|--|----------------------------------|
| <p>Tenza ou consumo de alcohol Tenza ou consumo de calquera substancia alucinóxena ou estupefaciente Falta grave/moi grave</p> | <p>Acción titorial Comunicación ás familias Servizos comunitarios / 1 día na aula de convivencia / ata 3 días de expulsión En casos especialmente graves, apertura de expediente disciplinario En caso de que varios alumnos se atopen xuntos e se observen que un ou varios están consumindo alcohol ou calquera substancia alucinóxena ou estupefaciente, todos compartirán sanción.</p> | <p>Procedemento 2</p> |
| <p>Tenza ou consumo de tabaco Falta grave/moi grave</p> | <p>Acción titorial Comunicación ás familias Servizos comunitarios / 1-2 recreos / 1 día na aula de convivencia / 1 día de expulsión En casos especialmente graves, apertura de expediente disciplinario En caso de que varios alumnos se atopen xuntos e se observen que un ou varios están fumando, todos compartirán sanción.</p> | |
| <p>Tenza e/ou uso indebido de produtos gravemente perigosos para a saúde coma poden ser petardos ou explosivos, substancias corrosivas, elementos cortantes ... Falta grave/moi grave</p> | <p>Acción titorial Comunicación ás familias Servizos comunitarios / 1 día na aula de convivencia / ata 3 días de expulsión En casos especialmente graves, apertura de expediente disciplinario</p> | |

Implicacións para o profesorado

Control do alumnado, especialmente nas gardas de recreo.
Acción titorial

Accións de prevención e control



Acción tutorial e actividades de formación: información de debate sobre o tema de alcohol, tabaco e outras drogas ...
Apoio departamento de orientación.

Implicacións para o alumnado

Ser conscientes da perigosidade para a saúde e seguridade propia e allea do uso de produtos tales como bebidas alcohólicas, tabaco, estupefacientes, obxectos perigosos...
Evitar estar presente ou facer de garda no caso de que algún compañeiro/a estén incumprindo a norma

Norma 10. Vestimenta.

Evitar elementos da vestimenta que cubran a cara ou parte dela, así como formas de vestir que poidan alterar o normal desenvolvemento dunha clase.

| Incidencias | Medidas correctoras posibles | Responsabilidades e procedemento |
|--|---|----------------------------------|
| Unha alumna/o cubre o rostro ou parte del con algún elemento coma pode ser unha máscara, antiface, gorro ou gorra... Falta leve | Amoestación verbal. De facer caso omiso e reincidir Falta grave, sen recreos e ata 1 día na aula de convivencia | Procedemento 1 |
| Unha alumna/o entra no centro ou nunha aula sen camiseta ou outra prenda que cubra o torso. Falta grave | | Procedemento 2 |
| Unha alumna/o entra no centro ou nunha aula e deixa ao descuberto algunha parte íntima, por exemplo baixando os pantalóns ou subindo a camiseta. Falta grave | | |

Implicacións para o profesorado

Tratar este tema de xeito flexible co alumnado, sobre todo nos casos menos disruptivos e que atenten levemente contra o desenvolvemento das clases.
Acción titorial

Accións de prevención e control

Tratar este tema en titoría tratar de chegar a un consenso e acordos sobre o tema.

Implicacións para o alumnado

Facer un uso razoable e dentro das normas de prendas tales como capuchas, gorros..., que en ningún caso poderá ocultar parte ou a totalidade do rostro.
Chegar a acordos e consensos razoables e flexibles cos compañeiros/as e profesores/as.

Norma 11. Falsificacións.

En ningún caso se poderá facer unha falsificación de documentos, notas, firma ou outra, calquera que fose a súa índole.

| Incidencias | Medidas correctoras posibles | Responsabilidades e procedemento |
|---|--|----------------------------------|
| Falsificación de firma de pai/nai/titor legal Falta grave | Desde 1 día na aula de convivencia ata 1 día de expulsión do centro. No caso de reincidencia (Falta moi grave), entre 2- 3 días de expulsión ata apertura de expediente disciplinario | Procedemento 2 |
| Falsificación de documento oficial do centro, tal como boletín de notas ou outros. Falta grave | Entre 1 e 3 días de expulsión. De considerarse especialmente grave ou de ser reincidente (Falta moi grave), apertura de expediente disciplinario | |

Implicacións para o profesorado

Comunicación da incidencia de forma inmediata á Xefatura de estudos.

Accións de prevención e control

Control de entrega de documentos asinados por parte do alumnado, así como cotexar as sinaturas.

Implicacións para o alumnado

Entregar todos os documentos do centro a asinar ao pai/nai/titor legal e entregalo ao profesor/titor asinado.

ANEXO: PROCEDEMENTOS.

Para iniciar o procedemento adecuado o profesor /a marcará no parte de incidencia a magnitude da falta: Leve/Grave/Moi grave

Procedemento 0: A responsabilidade deste procedemento corresponde directamente a Titoría, Xefatura de Estudos e/ou Dirección

Procedemento 1: Falta leve:

Intervención do profesor/a e/ou titoría.

O profesor/a ou o titor/a se así o cre conveniente:

- Comunicación á familia vía Talonario, SMS ou outra aplicación móbil da que dispoña o Centro. Necesariamente cando se teñan 2-3 partes.
- Parte de incidencia.

A persoa titora entregará en xefatura de estudos cando se acumulen 4 partes de incidencia.

Procedemento 2: Falta grave / Moi grave (A reiteración de faltas leves considéranse Falta grave):

Intervención do profesor/a e/ou titoría.

Recoller a falta nun Parte de incidencia.

Comunicación á familia Vía Talonario, SMS ou outra aplicación móbil da que dispoña o Centro.

Comunicación por parte do titor, ou do profesor/a si o considera urxente pola gravidade do caso, á xefatura de estudos/dirección, que tomará a medida correctora ou a decisión de elevar o asunto á comisión de convivencia.

As **comunicacións** coa familia faranse do seguinte xeito:

Talonario: directamente polo profesor e/ou titor.

Aplicación móbil: A elección do titor /profesor:

- Conserxe / Xefatura de estudos /Dirección
- O profesor/ou titor